



ENQUISA DO PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA DA FACULTADE DE BIOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2020-2021

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía o 17/03/2022
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 24/03/2022**

Alumnos/as de nova matrícula	p. 3
Procedencia académica do alumnado	p. 3
Probas de acceso a Universidade (ingreso)	p. 4
<i>Materias elixidas e rendemento nas mesmas</i>	p. 4
<i>Nota de acceso (ABAU)</i>	p. 4
Elección de Grao e Universidade (ingreso)	p. 5
Anexo	p. 6

Alumnos/as de nova matrícula

No curso 2020-2021 a Facultade de Bioloxía ofertou 50 prazas para cursar o Grao de Biotecnoloxía e o número de alumnos/as de novo ingreso foi de 56.

A gran maioría do alumnado procede do Bacharelato (LOMCE) de Ciencias e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU). No curso 2020/21, o 3,6% do alumnado procede de Formación profesional, o 3,6% acceden por validación de estudos estranxeiros, e o 92,8% restante das probas de acceso á universidade.

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, na que se realizaba a enquisa de perfil de ingreso (Anexo). No curso 2020/21 celebrouse o acto de acollida, pero a situación sanitaria debido á pandemia pola Covid-19 non recomendaba a realización da enquisa en papel. O alumnado foi informado do interese que ten a recollida desta información para os procesos de calidade e mellora e de que este ano se realizaría de modo virtual a través da plataforma *MSForms* (modelo similar ao do Anexo).

Na devandita enquisa consultóuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinaran na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos graos nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes.

A enquisa estivo aberta entre o 22 de setembro e o 5 de outubro de 2020 para o alumnado que accedeu no curso 2020/21, contestando 38 alumnos/as de novo ingreso do Grao de Biotecnoloxía, polo que a consideramos representativa.

Os resultados máis destacables dos datos aportados polos alumnos/as resúmense a continuación.

Procedencia académica do alumnado: Materias cursadas no bacharelato

O alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía cursou maioritariamente **Matemáticas I (89%), Física Química (94%) e Bioloxía e Xeoloxía (79%)** en 1º curso de bacharelato. En 2º curso, **todo o alumnado cursou Matemáticas II e Bioloxía e 95% cursou Química**. As porcentaxes de alumnos/as que cursaron Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, Xeoloxía e Física, son bastante menores (26, 11 e 8%

respectivamente).

Probas de acceso a Universidade (Ingreso)

Materias elixidas e rendemento nas mesmas

Os resultados da enquisa ao alumnado que accede ao Grao de Biotecnoloxía indican que, nas probas de acceso examínase maioritariamente de **Matemáticas (100%), Química (95%) e Bioloxía (89%)**. So o 18% elixe examinarse de Física.

Todos os/as alumnos/as que acceden ao Grao de Biotecnoloxía, excepto dous alumnos/as que suspenderon Química, superaron Matemáticas, Bioloxía e Química. Os resultados de Física son moito peores, xa que dos sete alumnos/as que se presentaron só a superaron 4. Respecto ás cualificacións dos exames das distintas materias, as medianas son todas superiores a 7,5 puntos sobre 10. Destacan os elevados valores das medianas en Matemáticas e Química (9,5 puntos sobre 10) (Figura 1).

Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Biotecnoloxía que se imparte na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU, que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban a maioría do alumnado e presentan unhas notas cuxo valor da mediana corresponde a unha cualificación de notable alto en Bioloxía e sobresaínte en Matemáticas e Química.

Nota de acceso da ABAU

As notas de acceso do alumnado de Biotecnoloxía son moi elevadas; na maioría do alumnado son superiores a 12,7 puntos sobre 14, con media de 13,19 e mediana de 13,17 puntos. En catro dos alumnos as cualificacións son máis baixas (entre 8,38 e 10,25 puntos) o que debe de estar relacionado con accesos a través de condicións especiais (graduados universitarios, entre outros).


Pódese concluír que o alumnado que accede ao grao que se imparte na Facultade de Bioloxía é un alumnado con notas de acceso de notable e sobresaínte.


Elección de Grao e Universidade

A porcentaxe de alumnado que seleccionou o Grao en Biotecnoloxía da USC como primeira e segunda opción foi do 92% e 8% respectivamente.

Pódese concluír que a maioría dos/as alumnos/as que cursan o grao de Biotecnoloxía na Facultade de Bioloxía da USC seleccionaron estes estudos como a súa primeira opción.

Figura 1. Distribución dos valores das notas da ABAU por materia nos/nas alumnos/as que accederon a estudos de grao na Facultade de Bioloxía no curso 2020/2021. As caixas representan os cuartís e os bigotes os valores mínimos e máximos para as distintas materias (B: Bioloxía, F: Física, M: Matemáticas e Q: Química). A liña vermella representa o valor de 5. Inclúese tamén a porcentaxe do alumnado que realizou as probas de cada materia (liña negra).





Anexo. Enquisa do perfil de acceso

ENQUISA PERFIL DE INGRESO

1) Nota da ABAU de acceso ao Grao :

2) Materias cursadas en Bacharelato (contesta Si/Non no espazo adxacente):

Biología e Xeoloxía	
Física e Química	
Matemáticas I	
Biología	
Química	
Xeoloxía	
Física	
Matemáticas II	
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	

3) Materia obrigatoria de modalidade da que te examinaches na ABAU (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

4) Que materias escolliches para a fase específica da ABAU? (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

5) Cal foi a túa orde de prelación dos graos que escolliches e en que universidade?

Opción	Grao	Universidade
Primeira		
Segunda		
Terceira		
Cuarta		